

Consumo Consciente ÁRBORE

Sociedade Cooperativa Galega

Arquitecto Pérez Bellas 5, baixo
36211 Vigo (Pontevedra)
986 233 497
info@arbore.org
www.arbore.org



QUEN SOMOS?

Somos un proxecto de economía solidaria que agrupa a consumidores/as que, en réxime de socios/as cooperativistas, queremos ter acceso a produtos ecolóxicos, locais e de comercio xusto, é dicir, produtos obtidos preferentemente na nosa contorna, libres de transxénicos e agrotóxicos, e cunha relación calidade-prezo equitativa para os/as produtores/as e nós.

A cooperativa é pioneira en Galicia, en tanto en canto supliu a carencia existente ata 2001 dun proxecto que materializase dunha forma sólida e viable os principios e valores que nos representan.

HITOS PRINCIPAIS

1999. Peche da única tenda de alimentación ecolóxica existente en Vigo e comezo da auto-organización de 20 familias (antigos clientes) en torno ao compromiso de consumir un mínimo de produtos para poder realizar pedidos. O boca a boca empeza a funcionar e pouco a pouco son máis as persoas interesadas en participar da iniciativa.

2001 xuño_18. Constituimos Árbore (1ª cooperativa de consumo ecolóxico e comercio xusto en Galicia) 60 socios/as promotores/as, persoas procedentes na súa maioría de movementos sociais. Iniciamos a actividade empresarial cun pequeno capital social de 500.000 ptas e sen apenas coñecemento do sector alimentario, mais cunha confianza firme no proxecto e a vontade particular de cada socio/a de aportar todo o traballo cooperativo necesario.

2001. Creamos o 1º posto de traballo asalariado na cooperativa, que corresponde a unha socia consumidora. Hoxe en día, con ela son 4 as persoas traballadoras (todas socias consumidoras), número máis que razoable se temos en conta que, pola súa natureza, as cooperativas de consumidores/as e usuarios/as achegan o 0,3% do traballo cooperativo galego.

2001. Artellamos o 1º punto na cidade de Vigo de recollida de aceite doméstico usado, que revalorizamos en forma de xabón e regalamos a quen pase pola cooperativa. Conectamos coa comunidade local tamén con outras prácticas de redución, reutilización e reciclaxe (compostaxe, reciclaxe de papel, etc.).

2004. Recibimos o premio pola promoción do cooperativismo da man do Consello Galego de Cooperativas.

A nosa actividade xira en torno a tres eixes:

- A procura de bens de consumo para socios/as e terceiros/as non socios/as que cumpran os criterios de respecto ambiental, animal, social e económico (consumo consciente e responsable).
- A defensa dos dereitos económicos, sociais e culturais dos/as cidadáns, en particular, o dereito humano a unha alimentación libre, regular, adecuada e suficiente.
- A promoción e divulgación do cooperativismo e os seus valores.

2005. Asesoramos e acompañamos ás persoas promotoras de cooperativas de consumo consciente xurdidas en Galicia despois de nós: A Xoaniña (2005), Zocamiñoa (2007) e Panxea (2010). A intercooperación continúa hoxe en día, abrindo o apoio tamén a grupos de consumo consciente e responsable.

[4.1.]

2007. Lanzamos o noso portal WEB corporativo, nun momento no que a presenza en internet das entidades da economía social non alcanzaba o 45%. [1.5.c.]

2007. 1º ano de beneficios económicos. Será o comezo dunha estabilidade económico-financeira que chega ata hoxe.

2010. Somos pioneiros na elaboración dun plan de mellora a medio prazo, cando os estudos sectoriais establecen por debaixo do 50% o nº de entidades sociais con plan estratéxico ou similar. Marcámonos obxectivos, accións, medios e prazos en torno a 6 áreas estratéxicas para nós: [1] a fidelización das vendas a socios/as, [2] a captación de novos/as socios/as, [3] a formación en xestión empresarial cooperativa, [4] a mellora da comunicación interna e externa, [5] a consolidación económico-financeira e, [6] a estimulación da actividade social dentro da entidade.

2013. Formamos Árbore 327 socios/as consumidores/as de Vigo e a súa área metropolitana. Nestes 15 anos de traxectoria o proxecto ten madurado e alcanzado unha solidez técnica e económico-financeira tal que nos dá a suficiente confianza para pensar que as cousas, coa axuda de todos/as, poden saír ben.

PRINCIPIOS ÉTICOS

- 1. Consumo consciente.** Practicamos o exercicio de informarnos sobre o que hai detrás de cada produto que compramos, porque os nosos actos de consumo non son neutrais senón que teñen consecuencias directas sobre o medio, os animais e o modelo de sociedade e economía que queremos construír.
- 2. Soberanía alimentaria.** Defendemos o dereito dos pobos a decidir as súas políticas agrícolas e alimentarias; o dereito a elixir que cultivar, que comer e como comercializar; a producir localmente respectando o territorio; defendemos o acceso universal aos recursos naturais: a auga, as sementes, a terra,...
- 3. Agroecoloxía.** Apoiamos a produción agrícola que conserva os recursos naturais elementais (a terra, a auga e a biodiversidade), que non emprega polo tanto produtos químicos de síntese (fertilizantes, praguicidas, antibióticos, etc.) nin organismos xenéticamente modificados (transxénicos), logrando desta forma alimentos 100% naturais.
- 4. Comercio xusto.** Defendemos un sistema que non admite a explotación infantil, que promove unhas condicións laborais axeitadas, que paga un salario digno, que defende a igualdade de xénero e que respecta o medio en toda a cadea que vai dende a produción ata a comercialización. Un comercio xusto preferentemente de proximidade, exceptuando aqueles produtos que non se elaboran no noso territorio.

SOMOS PARTE DE

Consumo consciente	    Vigotroca Rede Galega de Consumo Consciente
Unión de cooperativas	
Finanzas éticas	  

ESTRUTURA INTERNA

Asemblea xeral:

- ✓ Máximo órgano de decisión da cooperativa.
- ✓ Marca a dirección estratéxica.
- ✓ 2 asembleas ordinarias/ano:
_maio: +técnico-económica.
_decembro: +social.

Consello reitor:

- ✓ Elixido pola asemblea xeral.
- ✓ Executa os acordos asemblearios e fai seguimento da xestión diaria da cooperativa.
- ✓ Representa a Árbore ante terceiros/as.
- ✓ Mínimo 1 reunión/mes.

Comisións:

- ✓ Grupos que desenvolven as grandes liñas estratéxicas establecidas na asemblea.
 - ✓ Abertas aos/ás socios/as.
1. Organización cooperativa.
 2. Económico-comercial.
 3. Social.
 4. Comunicación.
 5. Convenios.
 6. Local.

Traballadores/as:

- ✓ Xestionan a tenda.
- ✓ Realizan labores administrativas xerais.
- ✓ Encárganse da relación máis directa cos/coas socios/as.
- ✓ Coordinan certos proxectos de interese xeral.

327 socios/as

11 socios/as

4 socios/as

“ A nosa é unha tenda de barrio tradicional, autoxestionada por socios/as e traballadores/as, pero aberta ao público en xeral.

Nela ofrecemos todos os produtos de consumo básico que calquera persoa precisa no seu día a día, dende alimentos frescos e elaborados vexetarianos ata artigos de droguería e hixiene persoal, co aval suficiente de ser produtos de produción ecolóxica e comercio xusto (somos establecemento recomendado polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia).

Quen se achega a Árbore compra tranquilo/a, sen a presión de ofertas e colas. Hai tempo para falar, coñecerse e resolver calquera dúbida de consumo.

A relación cos alimentos é máis directa tamén, ao estar desprovistos de calquera envase ou embalaxe innecesario.

O espazo... por pequeno que resulta... tanto é un lugar onde comprar, como unha biblioteca para ler ou un recuncho para o troco. E quizais o máis importante: un punto de información e encontro con outras iniciativas da economía social galegas e co cooperativismo en pleno funcionamento.”

Greta Fábregas, socia de Árbore



DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS

1. Aplicación de criterios de compra orientados a un consumo responsable (respecto ambiental, animal, social e económico).
2. Provedores/as preferentemente locais, pequenos/as e constituídos/as en cooperativa ou outro tipo de proxecto autoxestionado, cos/coas que se establecen relacións directas (sen intermediarios/as) baseadas na confianza e continuidade. En todo caso, circuitos de comercialización o máis curtos posibles (1-2 intermediarios ao sumo). [9.c.3.a.] [9.c.3.b.]
3. Encomendas conxuntas con outras cooperativas e grupos de consumo galegos.
4. Oferta de produtos ampla pero sen exceder das 2-3 referencias por artigo (primamos a calidade do produto e do proxecto que hai detrás del antes que a cantidade). Axuste permanente da oferta ás necesidades dos/as socios/as.
5. Información dos produtos ao alcance dos/as consumidores/as, de cara a poder exercer un consumo consciente.


6. Articulación de medidas sociais que faciliten o acceso de todos/as os/as socios/as aos produtos (cesta básica de 100 artigos de 1ª necesidade cun desconto especial do 20%, outras ofertas menores, reparto sen custe de artigos próximos a caducar, etc.).
7. Visitas dos/as socios/as aos lugares de produción.



8. Contratación da electricidade á cooperativa Som Energia, da que somos socios e quen nos asegura enerxía procedente de fontes renovables a pequena escala (non megainstalacións).
9. Preferencia polo pago inmediato a provedores/as (2-5 días).
10. Aplicación das 5 R's (rexeitamento + redución + reutilización + reparación + reciclaxe): rexeitamento de produtos non respectuosos, artigos a granel e/ou mínimamente envasados, racionalización do uso de papel (papel reciclado nos casos inevitables), bolsas reutilizables, envases retornables, etc.



REPERCUSIÓN NA CONTORNA

A nivel económico:





Vendas_2012: 348.063 €
 Compras_2012: 259.839 €
 Locais(1): 30% (2)

A nivel social:




A nivel laboral:



(1) De orixe galego e/ou de áreas colindantes.
 (2) Non compramos máis produto local simplemente por falta de oferta na zona.

Alexandría. Proxecto de implantación da xestión por procesos na cooperativa, a través da definición do noso mapa de procesos (estratéxicos, operativos, de soporte) e a protocolización de cada un deles (secuencia de tarefas, responsables, competencias necesarias e documentos asociados). **Aportacións:** transparencia + eficacia + eficiencia + innovación na xestión.

[1.2.a.] [2.3.a.] [3.4.d.]



Open ERP. Implantación dun software de xestión empresarial integral adaptado ás cooperativas en xeral e ás necesidades de Árbore en particular, con capacidade de ser transferido con posterioridade a outras entidades sen custe de licenzas (software libre). **Aportacións:** transparencia + calidade + axilidade + innovación na xestión.

[1.4.c.] [1.5.c.] [3.4.d.]

Convenios. Iniciativa orientada a artellar liñas de colaboración estratéxicas con entidades afíns á cooperativa (outras cooperativas ou proxectos autosexestionados, socios/as de Árbore, empresas locais, etc.) na vía de potenciar a intercooperación con outros axentes da contorna. Ata o de agora están funcionando xa tres liñas: [1] colaboración nas compras (compras conxuntas), [2] distribución con desconto a terceiros non socios/as e, [3] descontos a socios/as en servizos ofertados por terceiros/as. [1.4.c.]

Formación en cooperativismo. Programa formativo eminentemente práctico orientado a proporcionar a socios/as de Árbore e público en xeral os coñecementos e ferramentas precisas para a posta en marcha e xestión dun proxecto empresarial cooperativo (trámites de constitución; aplicación práctica dos valores cooperativos; habilidades sociais, económico-financieiras, comerciais e organizativas; charlas con cooperativistas). [3.1.b.]

Novo local. O local actual faise pequeno para albergar o que é Árbore hoxe en día, e o que quere ser de maior... Así que estamos estudando a viabilidade de mudarnos a outro espazo que cubra o desexo de [1] ofrecer un servizo de tenda adaptado ao volume de vendas actual, [2] servir de auténtico espazo socio-comunitario para socios/as e outros colectivos da contorna e [3] albergar máis servizos á comunidade. [1.4.c.]

Unión de Cooperativas de Consumo Responsable en Galicia. Proceso de maduración conxunto con outras cooperativas de consumo galegas coincidentes na idoneidade de crear unha Unión que represente os nosos intereses comúns. [1.4.c.] [4.2.b.]

1. Área de desenvolvemento empresarial:

- [1.2.a.] Promoción das políticas de calidade e eficiencia empresarial.
- [1.4.c.] Fomento de proxectos de cooperación entre cooperativas.
- [1.5.c.] Incorporación das TIC na empresa.

2. Área de desenvolvemento societario:

- [2.3.a.] Desenvolvemento e divulgación de modelos e prácticas de referencia en materias de organización interna e participación.
- [2.4.c.] Promoción das boas prácticas cooperativas con proxección na comunidade na que se insiren.

3. Área de divulgación, educación, formación e investigación:

- [3.1.b.] Desenvolvemento de programas formativos especializados.
- [3.1.d.] Fomento da realización de prácticas formativas en cooperativas.
- [3.1.f.] Optimización do uso dos fondos de formación das cooperativas.
- [3.1.g.] Deseño de materiais didácticos específicos.
- [3.2.c.] Elaboración de materiais de difusión da fórmula cooperativa.
- [3.2.d.] Fomento de xornadas de difusión do cooperativismo.
- [3.4.d.] Fomento da transferencia de tecnoloxías e boas prácticas no seo da cooperativa e a través das relacións de intercooperación con outras cooperativas.

4. Área de emprego e desenvolvemento territorial:

- [4.1.] Estímulo do emprendemento cooperativo e consolidación de proxectos.
- [4.2.b.] Creación dunha rede local estable para a promoción cooperativa.
- [4.3.a.] Participación activa e dinámica das cooperativas nas estruturas e accións xeradas no seu contorno local.

5. Área de financiamento e xestión financeira:

- [5.1.c.] Transparencia na información económico-financieira.

9. Subárea de cooperativas de consumo:

- [9.c.1.a.] Programas de divulgación do cooperativismo de consumo ecolóxico, ético, xusto e responsable.
- [9.c.1.c.] Programas de educación para o consumo.
- [9.c.2.a.] Actividades de revitalización do patrimonio no ámbito local
- [9.c.3.a.] Fomento da cooperación entre cooperativas de consumo responsable e cooperativas produtivas e de servizos no ámbito local. Formalización de convenios comerciais entre elas.
- [9.c.3.b.] Fomento de circuitos curtos de distribución.
- [9.c.4.a.] Creación, no Portal WEB da cooperativa, dunha área de información ao consumo e comercio-e.
- [9.c.5.a.] Fomento de programas divulgativos e formativos de consumo no ámbito rural.

Enbioverde. Porta WEB de información ao consumo aberto aos/s socios/as de Árbore e público en xeral, con opción de facer pedidos on-line. Información completa e veraz de produtos e provedores/as. Perfectamente integrado co software de xestión empresarial da cooperativa (Open ERP) de cara a proporcionar datos actualizados en tempo real de stocks, prezos, pedidos, etc. **Aportacións:** transparencia + espírito crítico + servizo aos/s socios/as.

[1.5.c.] [9.c.1.c.] [9.c.4.a.]




OUTRAS ACTIVIDADES ANTERIORES

- Formación en organización de asembleas e xestión de reunións participativas. [3.1.b.]
- Formación en dirección cooperativa. [3.1.b.]
- Participación no proxecto de I+D+i da cooperativa Intergal "Ferramentas TIC no cooperativismo". [1.4.c.]
- Participación no vídeo de promoción do cooperativismo realizado polas cooperativas Fungo e Cidadanía. [1.4.c.] [9.c.1.a.]
- Participación en xornadas de intercooperación cooperativa da federación SINERXIA. [4.3.a.]
- Relatorios sobre cooperativismo de consumo ecolóxico en cidades e núcleos rurais. [2.4.c.] [3.2.d.] [9.c.1.a.] [9.c.5.a.]
- Participación en encontros de sementos celebrados na nosa contorna. [4.3.a.]
- Participación nas actividades conmemorativas do día do comercio xusto na contorna. [4.3.a.]
- Xestión dun muíño comunitario. [9.c.2.a.]

Adhesión aberta e voluntaria.

Calquera que o desexe pode facerse socio/a de Árbore. A cooperativa formámola un **conxunto moi diverso de persoas** con sensibilidades diferentes, e isto fai que o proxecto se nutra das ideas de todos/as.



Datos 2013

Xestión democrática.

As persoas socias son as únicas decisoras do rumbo da cooperativa (**autoxestión**). Para iso, teñen **dereito a participar** con voz e voto (1 persoa = 1 voto) de calquera das estruturas sociais (assemblea xeral, consello reitor, comisións) e teñen acceso a todos os documentos internos: estatutos, contas anuais, memorias de actividades, actas dos órganos sociais, procesos, provedores/as, produtos, etc. (**transparencia**). [5.1.c.]

Participación económica e equitativa.

As persoas socias aportan un **capital social** de 66 €, unha cantidade **asequible** que ademais pode pagarse en 4 mensualidades. A maiores, ata o momento e por decisión democrática dos/as socios/as, os beneficios xerados pola actividade teñen sido destinados a reservas obrigatorias e voluntarias, é dicir, a **reinversión** dentro da cooperativa co obxectivo de conseguir os fins sociais e acadar unha maior estabilidade económico-financiera.

Autonomía e independencia.

Os ingresos de Árbore proceden, basicamente, das **vendas da tenda**, que permiten facer fronte á compra dos produtos, aos demais gastos operativos (persoal, alugueres, amortizacións, etc.) e a posibles imprevistos. A maiores, ás veces se nos concede algunha subvención pública, pero eses ingresos representan menos do 2% do importe neto da cifra de negocios. Para terminar, a cooperativa valora especialmente contribuír á autonomía doutras entidades da economía social e das cooperativas en particular; é por iso que colabora economicamente sendo socia (aportando capital social) e investindo aforros en COOP57, e FIARE.

Educación, formación e información.

Promovemos e/ou poñemos ao alcance de socios/as, consello reitor e traballadores/as formación en xestión empresarial cooperativa, procesos de democracia e participación, resolución de conflitos, reunións efectivas, etc. Elaboramos e editamos **unidades didácticas, manuais e diverso material divulgativo sobre consumo consciente e cooperativismo**, e informamos de ambos temas na tenda. [3.1.b.] [3.1.f.] [3.1.g.] [3.2.c.]

Cooperación entre cooperativas.

O tipo de cooperación que practicamos en Árbore abarca o asesoramento puntual, intercambio periódico de experiencias e coñecementos, proxectos conxuntos, servizos mancomunados, acordos comerciais e incluso a integración na estrutura interna (facéndonos socios doutras cooperativas). A lista de cooperación é extensa: **A Xoaniña, Arméria, Cabo TV Sesteiro, COOP57 (socios), FIARE (socios), Nornas, Panxea, Salgueiriños, Som Enerxia (socios), Zocamiñoa** e un número amplo de provedores/as da tenda.

A maiores, impulsamos o movemento asociativo cooperativo, formando parte da **Federación de Cooperativas de Galicia SINERXIA** e do grupo promotor dunha posible futura **Unión de Cooperativas de Consumo Responsable en Galicia**. [3.4.d.] [4.1.] [4.3.a.] [9.c.3.a.]

Compromiso coa comunidade.

Existe un vínculo entre Árbore e a contorna onde desenvolvemos a actividade empresarial. É un compromiso:

- Co **medio** (a través da concienciación cidadá, a colaboración con colectivos ecoloxistas da zona,...).
- Coa **sociedade** (tenda aberta a todas as persoas que queiran comprar na cooperativa e/ou facerse socias, apoio ao desenvolvemento local éticamente responsable,...).
- Co **emprego** (potenciación dunha rede local de produtores ecolóxicos; emprego local, estable e de calidade dentro da cooperativa; apoio a emprendedores sociais; oferta de prácticas a estudantes;...).

[3.1.d.] [4.1.] [4.3.a.]

ÁRBORE EN BOCA DOS/AS SOCIOS/AS

“Árbore foi a miña 2ª experiencia cooperativa, para a consecución de obxectivos comúns e para a creación de postos de traballo. Co motor da ilusión por levar a cabo o noso propio proxecto, aprendemos a traballar en equipo, a levar a cabo as tarefas propias da nosa actividade. Aprendemos a adquirir responsabilidades, e a actuar con solidariedade ante as dificultades. Ver o éxito actual da cooperativa é para min unha gran satisfacción. Pero aínda se non saíra ben, tería pagado a pena; porque equivocarse nunha empresa é a garantía de éxito na seguinte.”

Olaia Freiria (1ª presidenta da cooperativa)

“Árbore é para min a vida mesma. Cando comezamos non tiñamos case nada material, mais tiñamos unha salvaxe forza espiritual que nos permitiu enfrontarnos a moitísimas limitacións en todos os ámbitos. A nosa cooperativa é como a neta que teño de sete meses: inxenua, delicada, cariñosa, futura, virxe, outonal.”

Manolo Garrido (consello reitor 2001-2010)

“Árbore non só é comida sa... é tamén participación e auto-organización cidadá. É amor á natureza e respecto polo medio. É solidariedade con traballadores/as de países do sur aos/ás que compramos produtos de comercio xusto, e é fomento do medio rural na medida en que compramos produtos do campo a campesiños/as da nosa contorna máis próxima.”

Tino Álvarez (consello reitor 2003-2010)

“Participar activamente en Árbore, en concreto no consello reitor, foi unha experiencia moi interesante na que aprendín que os proxectos hai que coñecelos dende dentro, e que a suma dos compromisos individuais consolida o social; ademais foi reveladora, no sentido de confirmar que os proxectos de economía social son unha alternativa viable e necesaria ao actual modelo de economía.”

Eva Piña (consello reitor 2008-2012)

“Son socia promotora de Árbore. O comezo da nosa cooperativa foi difícil... moitas horas de traballo voluntario e moitas reunións. Sempre era un comezar e un comezar de novo. Ao final o resultado foi o que todos/as esperabamos... ese proxecto dirixido por persoas maravillosas por aquel entón é, hoxe en día, unha liña con moitas ramas... máis cooperativas, máis grupos de consumo, máis socios/as colaborando xuntos/as... Isto é único...”

Lidia Núñez (traballadora 2001-hoxe)

“Moito, moito lle teño agradecido á cooperativa e aos/ás compañeiros/as as facilidades para conciliar a vida laboral e familiar.”

Manuel Senlle (traballador 2004-hoxe)

“Eu destacaría de Árbore as persoas que forman a cooperativa, grazas ás cales o proxecto foi evolucionando ao longo destes anos, a través da súa implicación, ganas, ilusión, aprendizaxe, capacidade de superación e busca de coherencia... motivos polos cales sigo apoiando este proxecto.”

Beatriz Gamallo (socia 2001-hoxe)

“Se teño que resumir a miña experiencia en todo este tempo dende que Árbore comezou a súa andaina, destacaríala por enriba de todo que ten un capital humano que lle foi dando consistencia e cada vez máis solidez a un proxecto que hoxe é unha realidade consolidada, referente nas cooperativas de consumo consciente en Galicia e coñecida en todo o Estado, pois sempre estivo aberta a apoiar e colaborar de xeitos diferentes e diversos con outras iniciativas que foron xurdindo no eido cooperativo, no consumo consciente, no comercio xusto, nas finanzas éticas.”

Manuel Adame (socio 2001-hoxe)

